

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

ACORDO do 6 de agosto de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no concello de Sobrado (expediente IN407A 2024/119-1).

Expediente: IN407A 2024/119-1.

Solicitante/promotora: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Instalación de telecontrol na LMT MEL705 en B1L7FJ0R//170 (Sobrado).

Concello: Sobrado.

1. Características técnicas:

– Instalación dun reconectador telecontrolado no novo apoio proxectado de tipo celosía C-2000-14 (en substitución do apoio de formigón existente B1L7FJ0R//170) na LMTA MEL 705, de 15 kV.

A actuación proxectada fai necesario retensar o condutor existente LA-110 entre os apoios 170 e 171 (134 m), instalar un novo condutor LA-110 entre os apoios 169 e 170 (55 m) e refacer o PAS existente no apoio por substituír, no novo apoio proxectado, facendo empalmes coa LMTS existente nas proximidades do apoio.

2. Lexislación de aplicación:

– Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

– Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro).

– Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro).



– Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro).

– Resolución do 19 de febreiro de 2014 pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).

– Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro).

– Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño).

A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará á disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía do Departamento Territorial da Consellería de Economía e Industria da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), das 9.00 ás 14.00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do Concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e Goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalaciones-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica e, de ser o caso, achegar as alegacións ou observacións que consideren axeitadas, no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo.

A Coruña, 6 de agosto de 2025

Isidoro Martínez Arca
Director territorial da Coruña

CVE-DOG: 8qehj0l1-78y3-piu6-bhz0-nrk7xbt745





ANEXO
Relación de bens e dereitos afectados. Concello de Sobrado

Núm. parcela	Lugar e referencia catastral	Cultivo	Propietaria	Afección de solo en pleno dominio		Afección de solo por servidume de paso de enerxía eléctrica			
				Apoio núm.	m²	ml aé.	ml sot.	m² aé.	m² sot.
1	Agro de Gondrei. Sobrado 15081A003000140000AY	Rústico. Agrario. Labor ou labradío secaño	María Luisa Sánchez Rodríguez	Apoio+LMTS	2.0		4.0		

Abreviacións:
ml aé.: lonxitude da servidume aérea en metros lineais.
ml sot.: lonxitude da servidume soterrada en metros lineais.
m² aé.: superficie de servidume aérea en m².
m² sot.: superficie de servidume soterrada.

